



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 26/01/2023, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

SECRETARIO-ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 26/01/2023, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a **sesión ordinaria**, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de Goberno Local requírese a asistencia da

maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria – Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde – Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DIA

- 1 - PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIONS ANTERIORES.
- 2 - LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3 - ASUNTOS VARIOS.

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 12/12/2023, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 12/01/2023, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) LICENZAS E COMUNICACIÓN PREVIAS

2.1) COMUNICACION PREVIA DE OBRAS



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A) EXPEDIENTE: 2022/U026/000169

Visto o escrito co número 2022/000/00002583 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 14/12/2022, presentado por José Manuel Trillo Domínguez, de comunicación previa de obras consistentes na realización de dúas saídas de gases, nunha vivenda emprazada na cita rúa, (Referencia Catastral número 8606203MH7580N0001UT).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 2/01/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa e indica que para continuar coa tramitación do expediente deberase presentar documentación complementaria.

Considerando, que mediante o número 2023/000/00000003 (RS) de 4/01/2023, dirixese oficio a José Manuel Trillo Domínguez, remíteselle unha copia do informe técnico de 2/01/2023, e se lle require que presente a referida documentación para continuar coa tramitación do expediente.

Resultando, mediante o número 2023/000/00000149 (R.E) de data 20/01/2023, José Manuel Trillo Domínguez presenta a documentación complementaria requirida.

Vista a acta de comprobación documental de data 24/01/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a José Manuel Trillo Domínguez, o título habilitante para a realización das obras consistentes na realización de dúas saídas de gases nunha vivenda (Referencia Catastral número 8606203MH7580N0001UT)).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) EXPEDIENTE: 2023/U026/000001

Visto o escrito co número 2023/000/00000012 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 3/01/2023, presentado por Eva Trillo Busto e David Barreiro López,



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

de comunicación previa de obras consistentes na construción de peche de formigón e malla das parcelas (Referencia Catastral número 8405834MH7580S0000OSe 84058A6MH7580N0001JT).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 11/01/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que mediante o número 2023/000/00000051 (RS) de 12/01/2023, dirixese oficio a Eva Trillo Busto, ao que se lle indica segundo o informe técnico de data 11/01/2023 que os prazos do expediente quedan suspendidos ata a presentación de nova documentación na que se faga constar que a altura máxima do muro a realizar será de 1 metro.

Considerando, que co número 2023/000/00000138 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 19/01/2023, Eva Trillo Busto, presenta documentación complementaria para unir ao expediente en trámite.

Vista a acta de comprobación documental de data 25/01/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Eva Trillo Busto e David Barreiro López, o título habilitante para a realización de obras consistentes na construción dun peche deformigón na parcela, de 1 metro de altura na fronte e de 2 metros no laterais e na parteposterior, nunha finca (Referencia Catastral Nº 8405834MH7580S0000OS e 84058A6MH7580N0001JT), debendo cumprir en todo caso:

- Antes do inicio da obra deberá solicitarse polo interesado na área de urbanismo do Concello de Fisterra, que se fixe sobre a parcela a alineación e o retranqueo do peche con respecto ao vial público.

2º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

C) EXPEDIENTE: 2023/U026/000004

Visto o escrito co número 2023/000/00000066 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 10/01/2023, presentado por Leonel Fabián Marcote Piñeiro, de comunicación previa de obras consistentes no pintado interior e substitución de mobiliario existente nun local destinado a Café-Bar, (Referencia Catastral número 8607446MH7580N0000XR).

Vista a acta de comprobación documental de data 18/01/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Leonel Fabián Marcote Piñeiro, o título habilitante para a realización das obras consistentes no pintado interior e substitución de mobiliario existente nun local (Referencia Catastral número 8607446MH7580N0000XR).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

D) EXPEDIENTE: 2023/U026/000006

Visto o escrito co número 2023/000/00000098 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 12/01/2023, presentado por José Canosa Insua, de comunicación previa de obras consistentes na substitución da canle de recollida de augas pluviais por outro de aluminio lacado marrón, da vivenda existente na citada Rúa (Referencia Catastral número 8710213MH7581S0001ZU).

Vista a acta de comprobación documental de data 18/01/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a José Canosa Insua, o título habilitante para a realización das obras consistentes na substitución da canle de recollida de augas pluviais por outro de aluminio lacado marrón, da vivenda (Referencia Catastral número 8710213MH7581S0001ZU); sempre que a cor marrón solicitada sexa da gama 5020-Y 6030-Y2R, publicada pola Xunta de Galicia.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

2.2) DECLARACION DA INEFICACIA DE COMUNICACIÓNS PREVIAS

A) EXPEDIENTE: 2023/U026/000008

Visto o escrito co número 2023/000/00000056 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 9/01/2023, presentado por Alma López Díaz, de comunicación previa de obras consistentes no peche da finca con 2 postes unidos con cadea polo fronte da mesma (Referencia Catastral número 8507413MH7580N).

Vista a acta de comprobación documental de data 18/01/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara que non cabe a realización das obras expresadas na comunicación previa presentada, xa que se pretende pechar un espazo hoxe destinado a viario público, xa que a aliñación oficial é coincidente coa liña da pranta baixa da edificación existente, polo que a comunicación previa non cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Declarar a ineficacia da comunicación previa de obras formuladas co número 2023/000/00000056 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 9/01/2023, presentada por Alma López Díaz, e consistentes no peche dun espazo da finca, con 2 postes unidos con cadea pola fronte da mesma, (Referencia Catastral número 8507413MH7580N) toda vez que se pretende pechar un espazo hoxe destinado a viario público, xa que a aliñación oficial é coincidente coa liña da pranta baixa da edificación existente.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

B) EXPEDIENTE: 2023/U026/000008

Visto o escrito co número 2023/000/00000125 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 18/01/2023, presentado por Ana Isabel Buiturón Meijide, de comunicación previa de obras consistentes na substitución de cinco (5) ventanales existentes por outras novas de PVC de cor branco, na vivenda sita no domicilio deresidencia (Referencia Catastral número 8607510MH7580N0006LP).

Vista a acta de comprobación documental de data 26/01/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara que a substitución das carpinterías exteriores por outras de PVC non está permitido pola ordenanza de aplicación, polo que a comunicación previa non cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Declarar a ineficacia da comunicación previa de obras presentada co número 2023/000/00000125 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 18/01/2023, presentada por Ana Isabel Buiturón Meijide, para a substitución de cinco (5) ventanales existentes por outras novas de PVC na vivenda (Referencia Catastral número 8607510MH7580N0006LP) toda vez que non está permitida pola ordenanza de aplicación.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

2.3) COMUNICACION PREVIA DE CONEXIÓN Á REDE XERAL

A) EXPEDIENTE: 2023/U010/000001

Visto o escrito co número 2023/000/00000052 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 9/01/2023, presentado por Yaiza Insua Díaz, de comunicación previa de obras consistentes na conexión coa rede xeral de abastecemento de auga municipal e sumidoiros con destino a unha parcela na que se pretende a construción dunha vivenda, (Referencia catastral Nº 15038A502051200000DQ).

Vista a acta de comprobación documental de data 25/01/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Yaiza Insua Díaz, o título habilitante para a realización de obras consistentes no abastecemento de auga e saneamento municipal, con destino a unha parcela na que se pretende a construción dunha vivenda unifamiliar, (Referencia catastral número 15038A50205120000DQ); declárase completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa e:

- Non se poderá acometer á contratación definitiva do servizo, que requirirá a presentación da primeira ocupación que esixe o artigo 27.7 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.

- A autorización concedida permitirá unicamente a realización da obra da acometida coa rede de servizo, para a execución da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local de data de 22/12/2022, para a construción dunha vivenda unifamiliar segundo o indicado polo artigo 356.5 do RLSG.

- Deberase repoñer o firme co mesmo material que o pavimento orixinal e cumprir coas seguintes condicións específicas reflectidas na Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos” publicada no BOP nº 209 da Coruña de data 4 de novembro de 2.016:

- As obras de acometida ás redes municipais de abastecemento de auga ou de saneamento serán realizadas polo interesado ata a ocupación do subsolo ou solo do dominio público municipal, a partir do cal serán continuadas ou dirixidas pola empresa adjudicataria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento e ata a súa conexión á rede a cargo do petionario.

- Se estas obras de acometida ás redes municipais afectan ao subsolo ou solo de dominio público doutras Administracións Públicas terán que executarse polos interesados, ademais de coas condicións que máis abaixo se indican, coas condicións e requisitos esixidos polas ditas Administracións nas autorizacións que, se procede, concedan para a execución das obras e ata a conexión ou entronque á rede municipal que será executado pola empresa adjudicataria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento.

- As obras de acometida á rede de servizo municipais de abastecemento de auga se terán que executar coas seguintes **condicións**:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

a) Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.

b) A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1") en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c) Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta). Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo "Augas de Fisterra", e frecha de sentido de fluxo de auga.

d) Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e) O interesado comunicarase coa empresa do servizo de abastecemento de - 4 - CVD: auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f) A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

· As obras de acometida á rede de servizo municipais de saneamento teránse que executar coas seguintes condicións:

a) Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b) Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c) Dende a arqueta sifónica dispoñerase dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

d) A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/I de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e) No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50- - 5 - CVD: mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f) O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g) A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h) Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i) O interesado comunicarase coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) EXPEDIENTE: 2023/U010/000002

Visto o escrito co número 2023/000/00000155 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 23/01/2023, presentado por Eva Trillo Busto, de comunicación previa de obras consistentes na conexión coa rede xeral de abastecemento de auga municipal con destino a unha parcela na que se pretende a construción dunha vivenda, (Referencia catastral número 8405834MH7580S0001PD).

Vista a acta de comprobación documental de data 25/01/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Eva Trillo Busto, o título habilitante para a realización de obras consistentes no abastecemento de auga municipal con destino a unha parcela na que se pretende a construción dunha vivenda, (Referencia catastral número 8405834MH7580S0001PD); declárase completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa e:

- Non se poderá acometer á contratación definitiva do servizo, que requirirá a presentación da primeira ocupación que esixe o artigo 27.7 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.

- A autorización concedida permitirá unicamente a realización da obra da acometida coa rede de servizo, para a execución da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local de data de 22/12/2022, para a construción dunha vivenda unifamiliar segundo o indicado polo artigo 356.5 do RLSG.

- Deberase repoñer o firme co mesmo material que o pavimento orixinal e cumprir coas seguintes condicións específicas reflectidas na Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos" publicada no BOP nº 209 da Coruña de data 4 de novembro de 2.016:

- As obras de acometida ás redes municipais de abastecemento de auga ou de saneamento serán realizadas polo interesado ata a ocupación do subsolo ou solo do dominio público municipal, a partir do cal serán continuadas ou dirixidas pola empresa adjudicataria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento e ata a súa conexión á rede a cargo do petionario.

- Se estas obras de acometida ás redes municipais afectan ao subsolo ou solo de dominio público doutras Administracións Públicas terán que executarse polos interesados, ademais de coas condicións que máis abaixo se indican, coas condicións e requisitos esixidos polas ditas Administracións nas autorizacións que, se procede, concedan para a execución das obras e ata a conexión ou entronque á rede municipal que será executado pola empresa adjudicataria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento.

- En todo caso as obras de acometida a estas redes de servizo municipais se terán que executar coas seguintes condicións:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

a) Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.

b) A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1") en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c) Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta). Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro - 4 - CVD: non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo "Augas de Fisterra", e frecha de sentido de fluxo de auga.

d) Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e) O interesado comunicarase coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f) Co fin de garantir a reposición correcta da pavimentación existente **será necesario a presentación dun aval bancario ou depositar na conta do Concello o importe do coste da urbanización. Este importe, é de 500,00 € (CINCOCENTOS EUROS).** Esta garantía será devolta cando a obra de hotel e urbanización estea rematada.

g) A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal e de afectarse o pavimento de formigón existente deberá repoñerse a totalidade do tramo afectado.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3º) ASUNTOS VARIOS

3.1 - COMUNICACIÓN PREVIA DE APERTURA – TRANSMISIÓN DE LICENZA

A) EXPEDIENTE: 2023/U019/000001



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2023/000/00000129 (RE) de 18/01/2023 por Germán Martínez Traba, a efectos de notificacións telemáticas a través do mail , de COMUNICACION DE TRANSMISIÓN DE LICENZA E COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de COMERCIO MENOR DE SEMILLAS, ABONOS, FLORES E PRANTAS, (Referencia Catastral número: 8705103MH7580S0001DD).

CONSIDERANDO: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión de 30/01/2019, concedeulle acordo de eficacia á comunicación previa presentada por Luís María José Castiñeira Insua, para realizar a actividade de “Comercio menor de semillas, abonos, flores, prantas”.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta comunicación de transmisión de licenza asinado por Luís María José Castiñeira Insua e por Germán Martínez Traba.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á Comunicación de Tansmisión da Licenza e Comunicación Previa presentada por GERMAN MARTINEZ TRABA, para o inicio da actividade de “COMERCIO MENOR DE SEMILLAS, ABONOS, FLORES, PRANTAS”

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) EXPEDIENTE: 2023/U019/000002

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2023/000/00000166 (RE) de 24/01/2023 por Leonel Fabián Marcote Piñero, de COMUNICACION DE TRANSMISIÓN DE LICENZA E COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de RESTAURANTE, (Referencia Catastral número: 8607446MH7580N0002QY – 8607446MH7580N0003WU).

CONSIDERANDO: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión de 18/06/2020, concedeulle acordo de eficacia á comunicación previa presentada por Miguel Díaz Piñeiro, para realizar a actividade de “Café Bar” e de “Restaurante”

CONSIDERANDO: Que no expediente consta comunicación de transmisión de licenza asinado por Miguel Díaz Piñeiro e por Leonel Fabián Marcote Piñero.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á Comunicación de Tansmisión da Licenza e Comunicación Previa presentada por LEONEL FABIAN MARCOTEL PIÑERO, para o inicio da actividade de “RESTAURANTE 1 GARFO”.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 21:00 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.